

VERSOS NO HORIZONTE

Horizontes poéticos, a última obra de Luciano Rodríguez, xorde da amálgama de dúas necesidades: unha, a de establecer pontes coas literaturas máis próximas a nós, tanto no terreo xeográfico como no aspecto lingüístico; e, outra, a de ofrecer ó lector non só os textos máis representativos dos autores escolmados senón a de facelo partícipe da reflexión que eles mesmos establecen sobre a súa obra, o entorno en que esta se desenvolve e as dificultades para expresarse nunha sociedade non predisposta, en principio, de cara ó xénero lírico. Con todo, o primeiro dos obxectivos parte, ademais, dun respecto absoluto polas maneiras de expresión de cada creador, de xeito que se estableza así un diálogo en igualdade de condicións, sen supeditar unhas linguas a outras, pois, como di o antólogo,

Que o diálogo é necesario é algo que se ven repitindo dende hai moitos anos. Certamente é necesario, pero ningún quere asumir responsabilidades e sempre se buscou a fórmula de supeditar unhas linguas a outras. Quero dicir, supeditar ao castelán porque é a lingua do Estado e polo tanto a que nos debe unir a todos. Mais creo que esta deriva foi unha solución en falso e para demostralo é que facemos esta proposta que hoxe presentamos.

Cinco son os sistemas literarios representados no volume e cinco, polo tanto, as voces antologadas: as de Álex Susanna polas letras catalás, Felipe Juaristi como autor en euskera, Pilar Pallarés por ser unha figura moi destacada da nosa lírica contemporánea, Luis García Montero como exemplo da literatura de expresión castelá e Fernando Pinto do Amaral que nos achega á poesía portuguesa. Un quinteto pensado para ofrecer unha imaxe completa da realidade actual por canto estes autores, tras darse a coñecer na década dos oitenta, seguen a dar obras fundamentais nos anos seguintes. Ademais, os antologados son tamén críticos literarios o que os converte en voces suficientemente autorizadas para enxuizar con lucidez e rigorosidade a súa época. Así, tras da nota biobibliográfica que inicia o capítulo dedicado a cada un dos autores, inclúese unha entrevista onde se repasan cuestións referidas ó seu percurso individual polo terreo da poesía, ó ámbito en que a obra se desenvolve, ás dificultades para ir consolidando unha voz persoal e ás relacións cos seus coetáneos. Un aspecto no que todos fan fincapé, é a pouca ou case nula

comunicación que teñen cos autores doutras literaturas máis ou menos próximas. A este respecto Pilar Pallarés afirma que,

Non hai ningún diálogo. Haino a nivel moi particular de certos autores, pero estreitamente individual. Pola nosa parte, do que se fai noutras literaturas hai descoñecemento. O mesmo ocorre nos outros ámbitos con respecto ao que se está a facer aquí. Se vas a encontros, poñamos por caso un Galeuzca, podes pensar que hai moita relación, pero podes ver que o descoñecemento é absoluto.

A escolma dos mellores textos dos cinco autores -incluíndo algúns poemas inéditos- completa este volume que nos achega así, para alén da obra, a necesaria reflexión sobre a poesía, xa que restrinxila só na faceta creativa comporta serios riscos de non dar mirado máis aló da liña do horizonte do propio e seguir desoíndo outras voces.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 64, setembro 2002, p.72.

